

UGT SOLICITOU A DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO REANUDAR A ACTIVIDADE DE SEGUIMIENTO DE ACORDOS

Santiago de Compostela 28/05/24

Dende a reunión da Mesa Xeral e da Comisión de Persoal do pasado 24 de abril, na que se anunciaron as publicacións en DOG que se viñeron producindo (OPE Lei 20) e a RPT e desenvolvemento de traballo da Comisión de integración do Consorcio, non houbo reunións de Comisión de seguimento de ningún dos Acordos coa DXEPAP.

Ante tal situación UGT manifestoulle á DXEP a preocupación polos efectos que pode supoñer a demora en tratar materias que deben de materializarse neste ano 2024, e algunha antes de agosto de 2024.

RELACIÓN DE MATERIAS OBXECTO DE TRATAMENTO EN COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

- ✚ Completar a funcionarización que falte e incluír unha nova oferta para persoas empregadas públicas mal asesoradas ou mal informadas que mudaron a súa decisión.
- ✚ RPT Consorcio e rematar a integración.
- ✚ Terceiro grao extraordinario de carreira.
- ✚ Criterios aplicación do Acordo de Política Social e convocatoria das subcomisións de comedor e intersubstitucións.
- ✚ SPIF: Segunda actividade e desenvolvemento do Acordo.
- ✚ Estabilización Lei 20/21 e OPE ordinaria.
- ✚ Concursos de traslados.
- ✚ Bolsa do 5% de xornada por conciliación.
- ✚ Revisión de niveis acordadas en Comisión de Persoal de persoal subalterno, TCAES, coordinadores de enfermaría, e outros, derivados de RPT proceso de funcionarización.
- ✚ Modelo de carreira ordinaria aberta e permanente.

Coincide que se publican no DOG as modificación de estrutura das Consellerías derivado da nova configuración do goberno da Xunta, polo que como era previsible haberá traballo de Mesa e Comisión de persoal para a adaptación de todas as RPT.

UGT insistimos na demanda de renovar a actividade das Comisións de seguimento, esa sería unha sinal indubidable de que se confirma unha liña continuista de aplicación de Acordos anunciada na Mesa Xeral e cumprimento de compromisos adquiridos, pero non temos aínda concreción cronolóxica.

Seguiremos informando...

